

Ante a situación creada pola solicitude da Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para que determine a zona de afluencia turística, coa única intención de que se autorice un maior número de domingos e festivos de apertura, a **Federación de Servizos de CCOO de Galicia** amosa o seu total rexeitamento e

EXPÓN:

Primeiro. Que xa vimos manifestando este ano e en anos anteriores, **o noso rexeitamento ás aperturas en domingos e festivos**, xa que non están supoñendo creación de emprego, senón todo o contrario, a deterioración do existente, e prolongan as xornadas laborais dos traballadores e traballadoras, que sofren un incremento na distribución das xornadas irregulares e lles impiden, unha vez máis, a conciliación da vida laboral e familiar, amais de agravar a precariedade das condicións de traballo.

Segundo. Que este incremento de horarios comerciais non fixo máis que apostar claramente polas **grandes cadeas de distribución** en detrimento do pequeno comercio.

Terceiro. Que a apertura de máis domingos e festivos non é unha demanda da cidadanía viguesa, senón, máis ben, das grandes cadeas de distribución (ANGED).

Cuarto. Que existe unha grande hipocrisía social e gobernamental, con moitas contradicións xa que, dunha banda, fálase de **racionalización de horarios** en consonancia con Europa, para conseguir controlar o gasto e favorecer a conciliación familiar, e, doutra banda, estanse a impulsar leis como as que permiten a **liberalización de horarios comerciais**, que vai no sentido contrario.

Quinto. Que queda máis ca demostrado que son **intereses das grandes superficies**, pois existe unha lei de horarios comerciais en vigor na que se lles permite a liberalización de horarios aos establecementos cunha superficie de ata 300 metros cadrados.

Sexto. Que esta ampliación de apertura provocaría **a morte do pequeno comercio, coa consecuente destrución de emprego estable e con dereitos**, a cambio de mudar e modificar as condicións laborais e precarizar, aínda máis, o empregos nas grandes superficies.

Sétimo. Que a **Federación Galega de Comercio**, como máxima entidade representativa en Galicia do pequeno e mediano comercio (200 asociacións de comerciantes e máis de 70.000 comercios integrados), **rexeita unanimemente estas ampliacións de aperturas** (xúntase informe da FEGA).

Oitavo. Que **CCOO**, como sindicato máis representativo do sector, mantivo unha xuntanza coa **concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico, Emprego, Comercio**

e Turismo do Concello de Santiago, Marta Lois, e con **Alberto Lema, Concelleiro de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña**, os cales manifestan tamén o seu total rexeitamento a esta intención de ampliar a apertura comercial.

Por todo o anterior, desde **CCOO** manifestamos publicamente a nosa preocupación por que esta intención de declaración de Vigo como «zona de grande afluencia turística» sexa utilizada en realidade para permitir unha liberalización de horarios comerciais a favor das grandes superficies (ANGED), e que, a día de hoxe, na nosa comunidade autónoma —moi ao noso pesar, xa que deberían ser cero— **están limitadas a dez domingos e festivos**.